

**CCOD**

INFORMA

CONCURSO DE TRASLADOS EXTERNOS OFERTA DE DESTINOS 2026

No DOG de hoxe **luns 24.08.2026** publícase a Resolución da Dirección Xeral de RRHH do SERGAS pola que se aproba a **oferta de prazas reais e posibles resultas no ciclo 2026 do Concurso de Traslados Externos** para a provisión de prazas básicas de persoal sanitario e persoal de xestión e servizos.

A partir de mañá, ábrese un **prazo de 15 días naturais** (do **25.08.2026** ao **08.09.2026** ambos incluídos) para que as persoas admitidas no proceso, se así o desexan, poidan na súa solicitude de participación en FIDES:

- **Engadir ou modificar os destinos.**
- **Cambiar a orde das prazas.**
- **Baleirar a solicitude de destinos** e así facer decaer a participación no CAP 2026.

Lembra que toda modificación que fagas no formulario de FIDES tes que confirmala despois e asinala mediante certificado dixital.

Os/as profesionais que non desexen modificar a súa elección de destinos, non teñen que realizar ningunha actuación.

Importante: revisa no formulario de FIDES que as prazas que tiñas seleccionadas **non cambiaron a denominación** (centro ou localidade de traballo). No caso de que mudaran, tes que volver a solicitalas, xa que se consideran prazas novas.

Na páxina web do SERGAS e nos locais sindicais de **CCOD** tedes á vosa disposición os listados de prazas ofertadas por categoría e os listados de centros nos que poden existir prazas a resultas.



24 de agosto do 2026

<<< CONSULTA COA TÚA DELEGADA SINDICAL DE CCOD >>>